

CIRCULAR 127-2025.

XXXVII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA SUB 20

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 5 de xullo nas pistas da Universidade de Santiago de Compostela, o Campionato Xunta de Galicia Sub 20.

Art.2).- Poderán participar atletas da categoría Sub 20 con licenza en vigor.

- Número máximo de atletas Sub 20 por proba:

Proba	Mulleres	Homes
100	32	32
200 e 400	24	24
800	20	20
1500	24	24
3000	16	16
100/110v	16	16
400v	16	16
3000 Obst.	16	16
Marcha	12	12
Concursos	12	12

- **Participacións fóra de concurso de Sub 16 en adiante:** Nas probas con semifinais non poderán acceder ás finais, mentres que nos concursos só poderán acceder á mellora no caso de non quitar praza a atletas Sub 20 con licenza FGA.

- **Cotas:**

- Atletas con licenza FGA doutras categorías: **4€ por atleta.**
- Atletas doutras autonomías: **10€ por atleta*.**

* Aqueles atletas doutras autonomías deberán abonar, unha vez admitidos, a cota correspondente no seguinte [ligazón de pagamento](#).

Nas remudas poderán participar os 16 mellores clubs, a un equipo por entidade, permitíndose unha participación de clubs asociados, sempre que principal e asociado non participen na mesma proba.

- Poden participar atletas do club con licenza RFEA por outras autonómicas.
- A súa composición e orde deberá confirmarse en secretaría de competición ata 45' antes da súa celebración.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 30 de xuño.

- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.

Art.4).- Prazos de comunicación de baixas.

- Rematará ás 14:00 horas do mércores 2 de xullo e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.5).- Nos lanzamentos e saltos horizontais haberá mellora para os 8 primeiros.

Art.6).- Distancias mínimas das liñas de batida no triplo:

- Non menos de 9 metros en mulleres e 11 en homes.

Art.7).- Cadencias nos saltos verticais.

- Alturas de inicio mínimo nas probas individuais:

(en metros)	Mulleres	Homes
Altura	1,26	1,51
Pértega	2,30	2,60

As cadencias publicaranse unha vez publicado o listado definitivo de participantes.

Art.8).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba, agás nas seguintes probas:

- Xavelina feminina: pechará 1h15' antes do seu inicio.
- Xavelina masculina: pechará 1h30' antes do seu inicio.

Art.9).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Na proba de marcha deberán levar 2 dorsais (no peito e nas costas).
- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.10).- Cámara de chamadas.

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Peché da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras e marcha	5'
Valos e remudas	7'
Concursos	20'
Pértega*	35'

*No caso de haber máis de 8 atletas admitidos, a saída a pista realizarase 50' antes da hora oficial da proba.

Art.11).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, incluídas aquelas nas que estea participando nese intre, nos seguintes casos:

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa nos prazos establecidos no artigo 4 do presente regulamento, non tome parte da mesma.
- Estando clasificado para unha ronda posterior, non tome parte da mesma.

Art.12).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións)

XORNADA DE MAÑÁ					
HORA	CARREIRA	ALTURA	TRIPLO	PERTEGA	LANZAMENTOS
10:15	5000 Marcha F e M				
10:30		Altura Fem			
10:55	3000 Masc				
11:10	3000 Fem				
11:15					Disco F e M
11:27	100 Masc Semifinais				
11:30				Pértega F e M	
11:45	100 Fem Semifinais				
12:05	1500 Masc				
12:15	1500 Fem				Martelo F e M
12:20			Triplo Masc		
12:30	110v Masc Semifinais				
12:45	100v Fem Semifinais				
13:05	400 Masc				
13:15	400 Fem				
13:20			Triplo Fem		
13:25					Peso Fem
13:30	100 Masc Final				
13:40	100 Fem Final				
13:55	110v Masc Final				
14:05	100v Fem Final				

XORNADA DE TARDE			
HORA	CARREIRA	SALTOS	LANZAMENTOS
17:00	400 mv Masc	Lonxitude Masc	Xavelina Fem
17:20	400 mv Fem		
17:35	800 Masc		
17:50	800 Fem		
18:00			Xavelina Masc
18:05	200 Masc	Lonxitude Fem	
18:15			
18:20	200 Fem		
18:40	3000 Obst. Masc		
18:50			
19:00	3000 Obst. Fem		Peso Masc
19:10		Altura Masc	
19:20			
19:40	4x100 Masc		
19:55	4x100 Fem		

Art.13).- Entrega de premios.

- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.
- Realizaranse as entregas na primeira das seguintes horas na que sexa posible, segundo teñan finalizado as probas:

11:40	13:15	14:10*
18:15	19:15	20:00

- * Se algunha proba da mañá non rematou ás 14:10, a entrega realizarase toda vez finalice a mesma.

Art.14).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.15).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 07 de xuño do 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo